

CONCURSO DE ESCAPARATISMO SAMAÍN 2023

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. Entidade organizadora e Empresa adxudicataria

A Entidade organizadora do “Concurso de escaparates Samaín 2023” é o Concello da Coruña.

A Empresa adxudicataria do servizo é Puertas Afuera Comunicación Medioambiental y Cultural, S.L. (en diante, a “Empresa”), con domicilio societario en Lugar do Aguiuncho, nº 1, 15145 A Laracha (A Coruña) e con N.I.F. B70358437.

2. Obxecto do concurso

Constitúe o obxecto do Concurso de Escaparatismo Samaín 2023 (en diante, o “Concurso”) premiar a creatividade e o esforzo do comercio á hora de decorar os escaparates dos seus establecementos, así como a súa contribución para impulsar a actividade comercial e potenciar o ambiente festivo durante os días previos á festividade de Samaín.

3. Condicións de participación

3.1.- Poderá participar no Concurso calquera persoa física (maior de idade) ou xurídica que sexa titular dun establecemento comercial no termo municipal da Coruña que se teña adherido á campaña Concurso de Escaparatismo Samaín 2023.

Pola vinculación da actividade co comercio de barrio non poderán participar nel os comercios situados en grandes superficies comerciais, nin os pertencentes a unha cadea comercial, así como os establecementos relacionados coa hostalería, tales como bares, cafeterías e restaurantes. No caso de que un mesmo comercio teña varios establecementos na cidade, só poderá participar cun deles.

3.2.- Os establecementos poderán solicitar a súa participación no Concurso ata o 13 de outubro de 2023.

3.3.- Os escaparates deberán permanecer decorados, como mínimo, desde o 16 de outubro ata o 1 de novembro, ámbolos dous incluídos.

3.4.- Os establecementos participantes aceptan expresamente as presentes bases, como condición necesaria para a participación no Concurso. O incumprimento das bases por calquera participante implicará a súa eliminación do Concurso.

3.5.- Os establecementos deberán decorar os seus escaparates con motivos propios da festividade de Samaín e instalar de maneira visible no devandito escaparate un vinilo (tamaño A4) facilitado pola Empresa, que identificará a súa participación no Concurso.

3.6.- O deseño da decoración deberá ser orixinal, non podendo admitirse copias de terceiras persoas. Así mesmo, o deseño deberá respectar as normas básicas de ética e bos costumes e respectar os principios de igualdade de xénero e non discriminación de ningunha clase. No caso de que algún dos deseños non cumpra cos requisitos anteriores acordárase, por parte da Entidade organizadora, a eliminación do participante.

3.7.- O establecemento autoriza o uso indefinido e cede os dereitos de explotación e comunicación pública de fotografías do escaparate premiado con fins promocionais e divulgativos por parte do Concello da Coruña.

3.8.- A Entidade organizadora poderá adoptar todas as actuacións e decisións que resulten oportunas para a resolución das controversias e/ou conflitos que poidan xurdir durante o desenvolvemento do Concurso, salvo que as mesmas prexudiquen indebidamente aos participantes pola súa arbitrariedade, desproporción ou falta de equidade.

4. Procedemento do concurso

4.1.- Para participar no Concurso os establecementos deberán cubrir o formulario que se atopará na páxina web (www.samaincoruna.gal) e remitilo ao correo electrónico info@samaincoruna.gal. Tamén poderán facelo a través do modelo que se entregará no momento de ser visitada no seu establecemento.

4.2.- Así mesmo, será requisito indispensable que se acepten expresamente as bases e a política de privacidade do Concurso, incluídas as disposicións en materia de protección de datos e propiedade intelectual.

4.3.- A Entidade organizadora constituirá un Xurado cuxa Presidencia e Secretaría corresponderán a persoal municipal e do que tamén poderán formar parte persoas vinculadas co comercio de proximidade da cidade.

4.4.- O Xurado visitará os establecementos a partir do día 17 de outubro.

4.5.- Os criterios de valoración, puntuados cada un deles entre 1 e 10 puntos, serán os seguintes:

- Ambientación na festa tradicional do Samaín
- Orixinalidade
- Montaxe: complexidade e proporción en relación ao escaparate/s
- Estética

4.6.- Cada persoa que forme parte do Xurado cubrirá unha ficha por cada escaparate visitado, na que se expoñerán os aspectos máis relevantes das valoracións realizadas. Como proba da visita realizarase unha fotografía do escaparate. Estas fichas e fotografías serán entregadas á Entidade organizadora, que as custodiará.

4.7.- Finalizado o período de visitas os membros do Xurado reuniranse para poñer en común as valoracións.

Os establecementos serán clasificados en función das votacións obtidas, de maior a menor puntuación. Consideraranse establecementos gañadores os cinco que obteñan as puntuacións máis altas.

4.8.- En caso de empate decidirá, co voto de calidade, a Presidencia do Xurado.

4.9.- O 31 de outubro, unha vez realizada a clasificación e resoltos os casos de empate, a Empresa poñerase en contacto cos establecementos gañadores, para informarlles da súa condición de premiados. Así mesmo publicarase o resultado na páxina web (www.samaincoruna.gal).

5. Premios do Concurso

5.1.- Establécense os seguintes premios:

- Primeiro premio: dous mil cincocentos euros (2.500,00 euros).
- Segundo premio: mil cincocentos euros (1.500,00 €).
- Terceiro premio: mil euros (1.000,00 €).
- Cuarto premio: setecentos cincuenta euros (750,00 €).
- Quinto premio: setecentos cincuenta euros (750,00 €).

5.2.- Os premios do Concurso asignaranse de acordo coa orde de clasificación obtida, de maneira que gañará o primeiro premio a empresa que máis puntos reciba e así sucesivamente ata esgotar os premios existentes.

Os establecementos non premiados formarán parte dunha lista de suplentes, en orde á puntuación obtida, para os efectos de aplicación da base 5.5.

5.3.- No seu caso, os premios deberán ser obxecto da retención correspondente, de acordo coa norma legal que determine nese momento a autoridade tributaria.

A modalidade de entrega do premio será a transferencia bancaria.

Os premios son persoais e intransferibles e non poderán ser obxecto de cambio ou compensación. Se o establecemento participante rexeita o premio non recibirá ningún obsequio alternativo.

5.4.- Os premios serán entregados nun prazo de quince días a contar desde a oficialidade do resultado. No caso de realizarse un acto oficial de entrega dos Premios, é obrigación dos comercios premiados acudir en data e hora á sede municipal que se determine. Se a persoa responsable do comercio non pode acudir, deberá designar a unha persoa que o represente no acto.

5.5.- Para os efectos do Concurso, as obrigacións da Entidade organizadora e da Empresa con respecto aos establecementos gañadores rematarán coa entrega do premio. En particular, non se responsabilizarán de posibles perdas, furtos, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros.

O incumprimento das condicións de participación no Concurso, detectado tras a decisión, dará lugar á obrigación de devolver o premio recibido.

No caso de que nin os establecementos gañadores nin os suplentes cumpran as condicións de participación, a Entidade organizadora poderá declarar o premio ou os premios correspondentes deserto/s.